



Que é un Equipo de Normalización Lingüística?

{ g } coordinadora galega de equipos de normalización e dinamización lingüística

<http://www.coordinadoraendl.org>
 e-mail: correo@coordinadoraendl.org

Que é un Equipo de Normalización Lingüística?

1- O Equipo de Normalización

é o punto de encontro

Estamos para sumar vontades, por pequenas que sexan.
Estamos para innovar e dinamizar.
Estamos para facer cousas concretas nas que poida participar calquera membro da comunidade educativa.

2- O galego: a lingua dos meus, a lingua dos nosos, a miña lingua

A lingua dos meus avós e das miñas avoas, a lingua dos meus pais, a dos meus fillos e a das miñas fillas... a lingua da miña comunidade.
E a miña lingua a pesar de que non ma ensinaron na casa.

3- O centros serían moito menos sen os Equipos de Normalización

Porque buscamos que o alumnado nos faga ver as súas demandas.
Pola súa colaboración con todos/as.
Pola súa visión integradora da nosa lingua na comunidade educativa.

4- Orgullosos do noso, orgullosos do galego. Orgullosas do noso, orgullosas do galego

Demostramos o respecto polas outras linguas mostrando o orgullo pola nosa.
Poñemos en valor a nosa cultura e a nosa lingua dentro dun mundo plurilingüe.

5- A normalización do galego: o noso obxectivo

Porque queremos poder falar a nosa lingua con normalidade en todos os contextos, coma calquera outra lingua do mundo.
Poñemos as TIC ao servizo da nosa lingua.

6- O diálogo

como maneira de proceder

Co alumnado, porque é o futuro da nosa lingua.
Co profesorado, porque nos vai axudar no labor de promoción do galego.
Coas familias, portadoras do legado lingüístico do pasado e do futuro.

7- O galego: do ocultamento do pasado a lingua de futuro

Vemos a luz, non só a sombra: moita xente fala e escribe na nosa lingua.
Valoramos o que temos, non só o que quixésemos ter.
Valoramos a tradición, pero queremos construír o futuro.

8- As potencialidades do galego: lingua da modernidade

A nosa lingua amplía as capacidades de aprendizaxe.
A nosa lingua dá máis posibilidades na sociedade: saber galego é saber máis.
A nosa lingua serve para falarmos co mundo através do portugués.

9- Igualdade para a liberdade

Queremos que o alumnado teña un coñecemento do galego para que poida escoller.
Queremos dotar de recursos ao galego para poder dispor de oportunidades na elección.

10- O galego: idioma para o futuro colectivo

Sexamos brancos, negros, homes, mulleres, da costa, do interior, calvos, peludos, altos, baixos, adultos ou nenos... é a lingua de todos/as.
Queremos ser os transmisores da nosa lingua ás seguintes xeracións, tal como nola transmitiron a nós.